



O tempo pasou e eu aínda non esquezo aquela tarde en que os restos da Señorita apareceron na praia. Xa había días que os mariñeiros a atoparan preto dos «carallóns». Se o corpo de Salvador apareceu, nunca o soubemos, pero eu e mais Rosalía collemos con moito respecto un dos cachos da Señorita e enterrámolo na horta da miña casa, coidando de que non nos vise a nosa nai. Naquel enterro a miña irmá estivo moi calada, só cando marchamos para a cama faloume á orela, solermeira.

—Sabes Manuel? Salvador ha estar ben, non recordas que o mar era o que máis quería? O que non lle ía gustar nada era mirar os cachos da Señorita espallados polo mar adiante.

Eu mirei para a miña irmá.

—É mellor así —dixen— que non achantada na praia e sen ninguén que lle botase a man.

Alicia Borrás, O mar é noso, Galaxia, 2010.

1.- Localiza no texto o mar é noso os exemplos de:

- adxectivos posesivos
- adxectivos demostrativos

2.- Clasifica os determinantes que aparecen nas seguintes oracións

- As **súas** amigas non lle teñen **demasiado** aprecio a **eses** rapaces
- Naqueles** tempos, as festas da **nosa** parroquia eran coñecidas en **toda** a provincia
- A volta ao mundo en **oitenta** días é a **miña** obra de ficción favorita.
- Unhas poucas** amoras máis non lles han facer dano **ningún** aos **nosos** convidados.
- Meu** deus! É a **terceira** vez que o meten nalgunha lea sen que sexa culpa **súa**.

3.- Escribe o resultado das contraccións que é preciso realizar nos seguintes enunciados

- En + algún momento ten que parar de chover
- Veñen de + aquela + outra parte do río
- En + outros aspectos destaca moitísimo
- Non bebas de + esa botella, bebe mellor de + outra garrafa
- De + algunha maneira, a balea varou en + esa praia camariña

4.- Escribe con letras os numerais das seguintes oracións. Indica, tamén, se son ordinais ou cardinais:

- No seu 16.^o aniversario, regaláronlle un curso de iniciación ao submarinismo.
- A policía comisou un cargamento ilegal que contiña 800 quilos de droga e 2 toneladas de produtos cosméticos.
- A Federación Galega de Atletismo organiza a 27.^a edición do campionato de atletas afeccionados.
- Segundo a Biblia, Xesús celebrou a última cea cos seus 12 apóstolos. Máis tarde, resucitou ao 3.^o día de ser cruelmente axustizado.

5.- Nas seguintes expresións e frases feitas aparecen algúns indefinidos. Identifica cales son e escríbeos ao lado

Outra vaca no millo! ▶

Cada moucho no seu souto. ▶

Pouca la e polas silvas. ▶

Ser can de moitos cuncos. ▶

Ir nun saco e vir nunha cesta. ▶

6.- Clasifica os seguintes pronomes segundo a súa clase:

Nosos ▶

Vós ▶

Ningún ▶

aquelas ▶

contigo ▶

once ▶

quen ▶

vostedes ▶

7.- Indica, nas seguintes oracións, que tipo de palabra é a subliñada:

Tiña os patíns mal engraxados, así que tiven de levar os vosos.

Non lle digas iso, que se alporiza.

Se non lle fan caso a ela, que llo fagan a algún dos presentes.

Se Leticia non vén convosco, xa non falta ninguén máis.

Outro día sairá con outras.

8.- Substitúe os enunciados subliñados polos pronomes equivalentes.

Marcaron todas as dianteiras, agás a moza de Xaquín.

Os seareiros do noso equipo son moi fieis, mais os seareiros do voso equipo son moi numerosos.

Xa cho dixen dúas veces, non chou vou repetir tres veces.

Aldara, Xabier e mais eu pasamos a fin de semana nas termas ourensás.

Todo ese discurso non é máis que unha mentira.

Desculpe, miña señora, mais esta non é a farmacia que busca.
Marchou e levou con el todas as súas pertenzas.
Dicídelle a Xacobe que María ficou soa cunha persoa descoñecida.

9.- Indica se son certas ou falsas as seguintes afirmacións sobre os pronomes:

Os pronomes tónicos poden ocupar calquera posición dentro da oración.

Verdadeiro Falso

A función máis común do pronome tónico é a de complemento directo (CD).

Verdadeiro Falso

Tras as conxuncións comparativas ca e coma débese usar o pronome tónico eu, e non min.

Verdadeiro Falso

O pronome de cortesía de 2ª persoa do singular, vostede, concerta co verbo en 3ª persoa.

Verdadeiro Falso

As formas tu e il son dialectais, mais il ten un uso moito máis amplo.

Verdadeiro Falso

10.- Volve escribir as seguintes frases colocando correctamente o pronome que está entre parénteses. Lembra que, nalgúns casos, o pronome pode aparecer diante do verbo!

Exemplo:

Fai (o) máis rápido ou deixaremos (as) quedar moi mal.

Faino máis rápido ou deixarémolas quedar moi mal.

Merecemos (o) porque non demos (nos) nunca por vencidas.

Para que dean (che) a praza, será (che) máis doado se pides (lles) axuda.

Iso decidiremos (o) máis tarde, agora xa non queda (nos) tempo.

Percorreu (o) mil veces, mais cacharon (a) facendo trampas.

11.- Coloca o pronome átono no lugar en que lle corresponde.

a) ___ Papou ___ todas as mazás do froiteiro. (lle)

b) Nada ___ trouxo ___ da súa viaxe por Europa. (vos)

c) Sempre ___ solta ___ o mesmo discurso. (me)

d) Todos os días ___ fai ___ un almorzo moi nutritivo. (lles).

e) Xa ___ dixeran ___ que non ___ poderían ver. (vos- a)

12.- Só unha das colocacións do pronome nas seguintes oracións é correcta. Sinala cal:

Alguén me sabe indicar o camiño?

Alguén sábeme indicar o camiño?

Contou o que lle deu a gana.

Contou o que deulle a gana.

Sempre a leva no coche ao traballo.

Sempre lévaa no coche ao traballo.

A vida o trata como nunca.

A vida trátao como nunca.

13.- Escribe a contracción do artigo que lle corresponda para que as seguintes oracións teñan sentido

- a) _____ meu redor, estaban todas as persoas involucradas _____ accidente.
- b) Aquí, _____ miña esquerda, vou poñendo todas as follas en sucio para reutilizalas.
- c) Recoñezo que evitei dicirlles _____ meus amigos que non podía ir a aquela cea.
- d) Estudaron as bacterias que se agochaban, xa que poderían ser semellantes _____ que un día puido haber en Marte.
- e) Ata que brillen _____ fulgor _____ pequenos diamantes.
- f) Golpear ou ferir un maior era considerado un grave delito castigado _____ morte.
- g) Onte fun _____ meus curmáns ver unha película ao cine.
- h) Creei _____ miñas mans unha morea de cestos artesanais.
- i) _____ montes de Coruxo, a escasos quilómetros _____ centro _____ cidade, están as covas _____ Folón.

14.- Mesmo exercicio

- a) A través _____ codia terrestre, a cada vez máis profundidade, o son rexistrado pasaba _____ silencio absoluto a reproducir uns misteriosos murmurios.
- b) Conseguiu un _____ premios mellor valorados.
- c) _____ obras máis representativas da súa autoría, esta é a máis completa.
- d) _____ túa casa tes moitas árbores froiteiras.
- e) _____ últimos anos as notas de corte de acceso á universidade subiron considerablemente.
- f) A carreira popular tivo lugar _____ inmediacións _____ pavillón.
- g) Un proxecto liderado _____ Centro de investigación Mariña _____ Universidade de Vigo en colaboración _____ confraría de Cangas desenvolve novas técnicas de cultivo da especie.
- h) As accións de recuperación _____ mexillón de río son impulsadas por un proxecto que está coordinado _____ Dirección Xeral de Conservación da Natureza (actualmente de Patrimonio Natural) _____ Consellaría de Medio Ambiente _____ Xunta de Galicia.
- i) Coñeces os túneles _____ que circulaban os trens de mercadorías?
- j) Os nodos están formados _____ administracións, as institucións de referencia e as empresas implicadas _____ desenvolvemento de tecnoloxías como o 5G, a Intelixencia artificial ou a Ciberseguridade.

15.- Emparella cada frase co valor que teñen os seus demostrativos

Xoel ten un aquel que namora.	Entón, naquel tempo
A serie que vimos esta semana non ten aquela ningunha.	Enfadarse, perder a calma
Daquela ninguén usaba teléfono móbil.	Xeito, graza, motivo
Teño exame mañá, daquela estarei repasando toda a tarde.	Polo tanto, logo
Aquelóusenos a radio.	Amañar, apañar; estragar
Non te aqueloutres, que che vai ser o mesmo.	Coidado, interese, escusa